

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020143	de Poio	Poio	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1327	Guía equestre	2022/2023	4	70	84

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROBERTO CARLOS MIRANDA VERÍSIMO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación baséase no Real decreto 402/2020, do 25 de febreiro, polo que se establece o título de Técnico en Guía no medio natural e tempo libre e se fixan os aspectos básicos do currículo. Todo o referido ó perfil profesional, competencia xeral, relación de títulos e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e perspectiva da titulación no sector ou sectores son os establecidos no Real decreto 402/2020, do 25 de febreiro.

A relación de módulos profesionais, así como os seus correspondentes resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación, contidos e pautas pedagóxicas que conforman o presente currículo son os establecidos no anexo I desta orde.

O currículo deste ciclo formativo integra os aspectos científicos, tecnolóxicos e organizativos das ensinanzas establecidas para conseguir que o alumnado adquiera unha visión global dos procesos produtivos propios do perfil profesional do Técnico Guía no medio natural e de tempo libre.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de guía de actividades ecuestres.

A guía de actividades ecuestres abrangue aspectos como:

- ¿ Tarefas de preparación de rutas ecuestres.
- ¿ Adaptación de itinerarios ecuestres.
- ¿ Traballos de guiado do grupo por rutas ecuestres.
- ¿ Colaboración na organización de actividades ecuestres recreativas.
- ¿ Realización de actividades ecuestres recreativas.
- ¿ Tarefas de valoración das actividades realizadas.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- ¿ Explotacións de gando de équidos.
- ¿ Empresas e entidades asociadas a eventos, espectáculos, demostracións ecuestres e actividades recreativas, deportivas e con persoas con diversidade funcional.
- ¿ Centros de adestramento, doma e adestramento de gando de équidos.
- ¿ Centros de pupilaxe, descanso e recuperación de gando de équidos.
- ¿ Empresas de servizo relacionadas co sector de équidos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), c), d), f), j), k), o), u) e v) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), e), i), j), ñ), t) e u).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- ¿ Afondamento no estudo de todos os factores que participan nas actividades ecuestres recreativas (persoas, recursos, contorno e normativa).
- ¿ Experiencia práctica na preparación, no manexo e no mantemento de todos os recursos necesarios para as actividades ecuestres (cabalos, instalacións, materiais e equipamentos) e en cada fase destas.
- ¿ Análise do axuste da actividade e dos cabalos ás características das persoas.
- ¿ Adaptación de actividades ecuestres para persoas con diversidade funcional.
- ¿ Habilidades comunicativas en diferentes contextos.
- ¿ Capacidade de adaptación na conducción de grupos a cabalo.
- ¿ Traballo en equipo.
- ¿ Valoración das actividades e autoavaliación.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Que preciso para facer unha ruta?	Aprenderás a preparar e recoller materiais, cabalos e medios para unha ruta e interpreta-lo seu uso	15	17
2	Por onde imos de ruta?	Aprenderás a adaptar itinerarios ás características dos participantes	14	17
3	Guiote por un itinerario	Aprenderás a guiar grupos por itinerarios tendo en conta as técnicas de progresión, o programa e o medio	15	17
4	Organizamos Actividades Ecuestres Recreativas	Participarás na organización de AER	13	16
5	Realizamos Actividades Ecuestres recreativas	Realizarás AER tendo en conta as persoas que participan e os procedementos de actuación	14	17
6	Valoramos as Actividades Ecuestres recreativas e de conducción de grupos	Analizarás e valorarás as AER e de conducción de grupos	13	16

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Que preciso para facer unha ruta?	15

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Revisa, prepara e recolle os materiais, os cabalos e os medios para a ruta, e interpreta o seu uso e o procedemento establecido	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comprobase a dispoñibilidade e a operatividade correcta dos medios e dos materiais necesarios para a ruta
CA1.2 Comprobáronse o estado e a aptitude dos cabalos para a ruta
CA1.3 Prestáronselles os coidados básicos antes, durante e despois da etapa
CA1.4 Explicáronse as operacións de embarque, transporte e desembarque durante as rutas, cos équidos
CA1.5 Definíronse os elementos do equipamento e os materiais para a ruta, así como as súas funcións
CA1.6 Preparáronse os cabalos, adaptando a colocación dos equipamentos para a etapa ás características das persoas participantes na ruta
CA1.7 Seguíronse os procedementos de mantemento e almacenamento dos materiais e dos equipamentos, antes, durante e despois da ruta
CA1.8 Revisáronse o material do grupo e o equipamento de cada participante e asegurouse o avituallamento necesario para as persoas participantes e para os cabalos durante a ruta
CA1.9 Aplicouse a normativa de benestar animal e de prevención de riscos laborais nas tarefas de revisión e de coidado realizadas

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Equipamentos e materiais para rutas ecuestres. Funcións dos elementos do equipamento ecuestre. Equipamento e material ecuestre do cabalo e do xinete ou da amazona en ruta. Equipamento, avituallamento e material ecuestre colectivo en ruta. Equipamentos e materiais específicos para persoas con diversidade funcional e/ou necesidades especiais. Mantemento, transporte e almacenaxe de materiais e equipamentos. Procedementos de revisión de equipamentos e materiais individuais e colectivos. Mantemento básico e operativo. Rexistro de operacións de mantemento. Limpeza, coidados, almacenaxe e protección do equipamento de ruta. Inventarios. Talabartería e reparacións básicas ou reposicións. Retirada do Cabalos para a ruta ecuestre. Estado físico-temperamental e aptitude do cabalo para a ruta. Procedementos de revisión do estado do cabalo. Detección de problemas de saúde. Comprobación de signos de fatiga, feridas, mazaduras e outros síntomas físicos. Preparación do cabalo para a ruta. Adaptación do equipamento e do material aos cabalos e ás persoas Coidados e transporte equinos antes, durante e despois da ruta. Hixiene e aplicación de primeiros auxilios ao cabalo. Reparacións básicas da ferraxe. Técnicas de suxeición dos animais para a súa ferraxe. Tipos de ferraxes e características. Usos, seguridade e hixiene dos medios de transporte. Control de humidade dos cascós. Técnicas para embarque e desembarque; Alimentación e hidratación das persoas e dos cabalos nunha ruta ecuestre. Avituallamento durante a ruta. Cálculo de cantidade de alimentos sólidos e líquidos para cabalos en ruta. Cálculo de cantidade de alimentos sólidos e líquidos para as persoas participantes. Persoal, documentación e permisos para as rutas ecuestres e para os cabalos. Permisos e documentos necesarios segundo a normativa de actividades no medio natural. Normativa ambiental e interese pola protección ambiental; normativa de benestar animal, de actividades no medio natural en Galicia e de prevención de riscos laborais.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Por onde imos de ruta?	14

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Verifica e adapta os itinerarios ecuestres, para o que analiza as características das persoas participantes e as condicións de realización da actividade	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Definíronse criterios para compilar información sobre o nivel individual e colectivo do grupo e para identificar sinais de fatiga ou de posibles condutas de risco
CA2.2 Analizáronse no terreo os puntos de dificultade e a dosificación do esforzo e dos descansos, atendendo ás distancias e aos desniveis por onde se vaia realizar a ruta ecuestre
CA2.3 Preparáronse vías alternativas para os posibles pasos conflitivos da ruta ecuestre
CA2.4 Recoñecéronse os indicios naturais que poidan ser referente para a orientación, e os accidentes xeolóxicos e os ecosistemas de interese para a ruta ecuestre
CA2.5 Utilizáronse os instrumentos e mapas para se orientar en todos os tipos de condicións ambientais
CA2.6 Localizáronse os puntos para pasar a noite e os de evacuación
CA2.7 Comprobase o protocolo de seguridade ante posibles situacións de perigo
CA2.8 Aplícase a normativa da zona da actividade para a planificación de itinerarios a cabalo

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Compilación de datos e información de ruta previa á actividade. Exame do terreo a cabalo. Comprobación de características achegadas pola cartografía.</p> <p>0Avaliación e xestión de riscos. Medidas preventivas para minimizar o perigo. Probabilidades. Consecuencias. Actuación, protocolo e control do grupo.</p> <p>Análise das ofertas e dos recursos na Comunidade Autónoma de Galicia e adaptación ás rutas ecuestres.</p> <p>Normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais. Normativa en rutas e actividades ecuestres en Galicia.</p> <p>Variedade paisaxística e de carga de traballo.</p> <p>Valores naturais e culturais, e recursos da zona: actividades de sensibilización. Actividades lúdicas. Localización e condicións dos espazos.</p> <p>Accidentes xeolóxicos e ecosistemas de interese para a ruta ecuestre.</p> <p>Verificación do tipo de terreo e dos puntos de dificultade. Adaptación do terreo aos tipos de vías. Notas de campo. Condicións do firme que afectan a marcha do cabalo. Alternativas para pasos conflitivos da ruta: arboredos, costas pronunciadas, extensións de auga e terreos esvaradíis ou escarpados. Comprobación dos protocolos de seguridade.</p> <p>Vías alternativas para os posibles pasos conflitivos da ruta ecuestre.</p> <p>Verificación de condicións do itinerario. Duración. Distribución do esforzo e das necesidades de avituallamento. Lugares e espazos. Puntos de reagrupamento e descanso durante o percorrido. Zonas de evacuación do grupo a cabalo. Zonas de puntos perigosos. Respecto polas demais persoas usuarias. Normas de acceso aos itinerarios. Restricións cos équidos.</p> <p>Adaptación da actividade programada ao tipo de participantes. Probas de nivel técnico previas á actividade. Supervisión do manexo básico do cabalo realizado polas persoas participantes. Expectativas e necesidades das persoas do grupo. Variantes en función das capacidades, as necesidades e as motivacións das persoas participantes. Adaptación das actividades á</p> <p>Sinais de fatiga e posibles condutas de risco. Adecuación do ritmo do cabalo ás necesidades da ruta e do nivel de grupo.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Guíote por un itinerario	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Guía grupos por itinerarios ecuestres tendo en conta a relación das técnicas de progresión co programa establecido e coas condicións do medio	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Proporcionouse información ás persoas participantes sobre o itinerario, sobre as normas para a realización da actividade, sobre as características do cabalo e sobre o uso do equipamento e do material, para garantir a seguridade
CA3.2 Descríbense e demostráronse as técnicas de equitación para unha ruta ecuestre
CA3.3 Corrixíronse as técnicas de equitación ás persoas participantes
CA3.4 Adoptáronse unha organización e unha situación no grupo que permitan o control deste e a detección das dificultades das persoas participantes antes da actividade e durante esta
CA3.5 Utilizáronse códigos de sinais e aparellos de comunicación para transmitir durante a ruta información ao grupo e, de ser o caso, a axentes externos
CA3.6 Realizáronse manobras de apoio ás persoas participantes que presenten dificultades na progresión pola ruta
CA3.7 Aplicáronse os protocolos de actuación nas incidencias producidas
CA3.8 Preparáronse o espazo para os cabalos e as condicións para as paradas e para pasar a noite
CA3.9 Aplicouse a normativa de actividades ecuestres, a ambiental, a de benestar animal e a de prevención de riscos laborais da zona de actividade, nas tarefas realizadas durante os itinerarios

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Espazos protexidos. Lexislación.
0Espazo para os cabalos en paradas. Preparación para pasar a noite. Aseguramento do cabalo entre etapas: estabulación, cercado eléctrico e atadura. Puntos de extracción con coche de asistencia de cabalos e xinetes. Interese pola protección do medio natural. Normativa ambiental, de benestar animal, de prevención de riscos laborais e de actividades no medio natural de Galicia.
Técnicas de condución de grupos con cabalos no medio natural.
Demostración e control de manexo nas técnicas de equitación na ruta ou na actividade.
Información sobre a ruta ecuestre ás persoas participantes. Experimentación de fórmulas e situacións de descontrol de protocolo. Tipo de linguaxe en ruta. Características e costumes dos cabalos que se utilizan. Normas da actividade e normas de seguridade: utilización do equipamento e do material, organización do avituallamento e condutas respecto polo ambiente nunha Técnicas de equitación e manexo do cabalo en rutas ecuestres. Explicación, demostración e axuda. Posta da cabezada, guía do cabestro e atadura do cabalo en ruta. Montar e botar pé a terra en ruta. Postura a cabalo en ruta. Axudas en equitación en ruta. Aplicación de manobras de apoio ás persoas participantes en ruta. Aplicación de protocolos de actuación en pasos de Técnicas específicas de axuda para persoas con diversidade funcional e/ou necesidades especiais.
Organización do grupo e da seguridade. Situacións comprometidas e formas de actuación: descontrol do cabalo e caídas. Control e preparación ante posibles caídas. Manobras de apoio a participantes con dificultades. Previsión de reaccións do grupo e os seus compoñentes na ruta ecuestre.
Situación do/da guía respecto ao grupo e control deste. Revisión do material do grupo e do equipamento de cada persoa usuaria. Protocolo de solución de dificultades en ruta. Protocolo de situación de emerxencia e primeiros auxilios.
Códigos de sinais para a condución dun grupo a cabalo. Transmisión de información en ruta. Aparellos de comunicación interna e externa.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Organizamos Actividades Equestres Recreativas	13

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Participa na organización de actividades equestres recreativas e interpreta o procedemento establecido	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizáronse os tipos de actividades recreativas da empresa
CA4.2 Seleccionáronse os espazos, as instalacións e os equipamentos para actividades equestres recreativas
CA4.3 Establecéronse criterios de asignación de animais a cada perfil das persoas participantes
CA4.4 Comprobase previamente o comportamento de animais, equipamentos, materiais, instalacións e espazos
CA4.5 Describíronse e demostráronse as técnicas equestres que se vaian utilizar nas actividades
CA4.6 Aplicouse a normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais nas actividades equestres recreativas

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Actividades equestres: tipos.
Actividades equestres recreativas: tipos e características. Estudo das ofertas de mercado e das posibilidades da empresa.
Espazos e instalacións para actividades equestres recreativas. Equipamentos para actividades equestres recreativas.
Realización das actividades con anterioridade á real con participantes. Resolución de problemas detectados.
Criterios de asignación dos animais. Características do equino para actividades equestres recreativas. Características do equino para actividades de hipoterapia. Binomio xinete-cabalo compensado.
Técnicas equestres específicas. Traballo técnico coas persoas participantes. Transmisión das técnicas de equitación. Adaptación das técnicas ao nivel das persoas participantes. Adaptación das técnicas a persoas con diversidade funcional ou necesidades especiais. Equinoterapia e hipoterapia.
Normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais en actividades equestres recreativas.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Realizamos Actividades Equestres recreativas	14

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza actividades equestres recreativas, segundo o protocolo establecido, tendo en conta a relación entre as características das persoas participantes e os procedementos de actuación	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Preparáronse os espazos, os animais e os materiais para as actividades equestres recreativas
CA5.2 Informouse ás persoas participantes acerca das normas que deben seguirse nas actividades equestres recreativas
CA5.3 Instruíuse ás persoas participantes en actividades de equitación con obxectivo recreativo
CA5.4 Desenvolvéronse xogos e xincanas a cabalo, seguindo o protocolo establecido
CA5.5 Guiouse do destre a ponis durante os paseos infantís a cabalo
CA5.6 Guiouse en paseos a cabalo e colaborouse no enganche e no paseo de persoas participantes en coche de cabalos
CA5.7 Elaboráronse actividades equestres de lecer para persoas con diversidade funcional, seguindo o protocolo establecido
CA5.8 Aplicouse a normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais na realización de actividades equestres recreativas

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Supervisión de recursos implicados en actividades equestres recreativas. Preparación de espazos. Selección e preparación dos animais en función da actividade e das persoas participantes. Revisión de materiais para actividades. Colocación do equipamento e do material para as actividades equestres recreativas.
Información a participantes. Contidos e tipo de linguaxe. Adaptacións para facilitar o proceso a persoas con diversidade funcional: normativa da empresa e das actividades. Normas de seguridade. Instrucións á persoa usuaria en equitación de lecer. Exercicios de asimilación técnica. Traballo individualizado e en grupo. Datos de interese de patrimonio natural e/ou cultural.
Intervención en actividades. Criterios de adaptación das actividades equestres. Tipos de actividades equestres para persoas con diversidade funcional: circuitos psicopedagóxicos, xogos equestres adaptados. Xogos e xincanas a cabalo. Estrutura das actividades: individual ou por equipamentos. Uso do material. Xogos populares a cabalo. Circuitos, actividades mixtas e xogos
Paseos en poni. Guiado do destre. Guiado da man. Colaborador lateral de seguridade. Paseo a cabalo. Paseo en grupo. Diferenzas entre paseo e ruta montando a cabalo. Guía personalizada ou de grupo. Adecuación ao nivel do grupo. Distribución e organización do grupo. Control do grupo. Paseo en coche de cabalos. Selección do equipamento de enganche e
Normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais en actividades equestres recreativas.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Valoramos as Actividades Equestres recreativas e de condución de grupos	13

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Valora as actividades equestres recreativas e de condución de grupos a cabalo, e analiza os datos compilados	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Recolléronse datos sobre a propia actuación e sobre as reaccións do grupo na actividade
CA6.2 Rexistráronse as incidencias cuanto ao axuste da actividade aos tempos previstos
CA6.3 Rexistráronse as condutas dos animais que non sexan adecuadas para a actividade equestre na que están implicados
CA6.4 Recolléronse incidencias que afecten a seguridade durante o desenvolvemento das actividades
CA6.5 Analizouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade equestre
CA6.6 Cubriuse a ficha de valoración da actividade segundo o programa desta
CA6.7 Elaborouse un informe sobre a actividade equestre realizada e propuxéronse medidas correctoras dos desaxustes detectados
CA6.8 Analizouse a aplicación da normativa sobre actividades equestres, a ambiental, a de benestar animal e a de prevención de riscos laborais nas actividades equestres recreativas realizadas

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Fichas de control de valoración da actividade. Tipos. Procedementos de toma de datos no desenvolvemento da actividade: compilación de información. Análise da actividade, do grupo e do persoal técnico. Valoración respecto ao programa. Documentos de avaliación. Elaboración da documentación.
Rexistro de datos das actividades: comportamentos do grupo, actuacións do persoal técnico/a ou guía, incidencias e axuste aos tempos previstos. Estimación do grao de seguridade da actividade.
Rexistro de datos relacionados co cabalo. Condutas inadecuadas dos animais na actividade. Velocidade do cabalo ao paso, ao trote e ao galope. Adaptación entre animais e persoas participantes.
Rexistro sobre a adecuación do terreo ao grupo, o desnivel, a duración e a dificultade técnica e física.
Adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade equestre. Valoración da adaptación dos equipamentos aos animais e ás persoas participantes.
Elaboración de informes sobre a actividade. Propostas de medidas correctoras. Elaboración de informe de impacto ambiental. Informe de funcionamento de ruta ou actividade. Memoria de actividade. Avaliación e autoavaliación como estratexias de mellora de ruta ou actividade.
Normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais en actividades equestres recreativas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Ó finalizar o módulo, os alumnos deberán demostrar con suficiencia a súa capacidade para realizar:

- Tarefas de preparación de rutas ecuestres.
- Adaptación de itinerarios ecuestres.
- Traballos de guiado do grupo por rutas ecuestres.
- Colaboración na organización de actividades ecuestres recreativas.
- Realización de actividades ecuestres recreativas.
- Tarefas de valoración das actividades realizadas.

Para o que se consideran mínimos exigibles os seguintes RA e CA:

RA1. Revisa, prepara e recolle os materiais, os cabalos e os medios para a ruta, e interpreta o seu uso e o procedemento establecido.

CA1.1. Comprobase a dispoñibilidade e a operatividade correcta dos medios e dos materiais necesarios para a ruta.

CA1.2. Comprobáronse o estado e a aptitude dos cabalos para a ruta.

CA1.3. Prestáronselles os coidados básicos antes, durante e despois da etapa.

CA1.4. Explicáronse as operacións de embarque, transporte e desembarque durante as rutas, cos équidos.

CA1.5. Definíronse os elementos do equipamento e os materiais para a ruta, así como as súas funcións.

CA1.6. Preparáronse os cabalos, adaptando a colocación dos equipamentos para a etapa ás características das persoas participantes na ruta.

RA2. Verifica e adapta os itinerarios ecuestres, para o que analiza as características das persoas participantes e as condicións de realización da actividade.

CA2.1. Definíronse criterios para compilar información sobre o nivel individual e colectivo do grupo e para identificar sinais de fatiga ou de posibles condutas de risco.

CA2.2. Analizáronse no terreo os puntos de dificultade e a dosificación do esforzo e dos descansos, atendendo ás distancias e aos desniveis por onde se vaia realizar a ruta ecuestre.

CA2.7. Comprobase o protocolo de seguridade ante posibles situacións de perigo.

RA3. Guía grupos por itinerarios ecuestres tendo en conta a relación das técnicas de progresión co programa establecido e coas condicións do medio.

CA3.1. Proporcionouse información ás persoas participantes sobre o itinerario, sobre as normas para a realización da actividade, sobre as características do cabalo e sobre o uso do equipamento e do material, para garantir a seguridade.

CA3.2. Descríronse e demostráronse as técnicas de equitación para unha ruta

ecuestre.

CA3.7. Aplicáronse os protocolos de actuación nas incidencias producidas.

RA4. Participa na organización de actividades ecuestres recreativas e interpreta o procedemento establecido.

CA4.1. Caracterizáronse os tipos de actividades recreativas da empresa.

CA4.3. Establecéronse criterios de asignación de animais a cada perfil das persoas participantes.

CA4.5. Descríbóronse e demostráronse as técnicas ecuestres que se vaian utilizar nas actividades.

RA5. Realiza actividades ecuestres recreativas, segundo o protocolo establecido, tendo en conta a relación entre as características das persoas participantes e os procedementos de actuación.

CA5.1. Preparáronse os espazos, os animais e os materiais para as actividades ecuestres recreativas.

CA5.2. Informouse ás persoas participantes acerca das normas que deben seguirse nas actividades ecuestres recreativas.

CA5.5. Guiouse do destre a ponis durante os paseos infantís a caballo.

CA5.7. Elaboráronse actividades ecuestres de lecer para persoas con diversidade funcional, seguindo o protocolo establecido.

RA6. Valora as actividades ecuestres recreativas e de condución de grupos a caballo, e analiza os datos compilados.

CA6.1. Recolléronse datos sobre a propia actuación e sobre as reaccións do grupo na actividade.

CA6.2. Rexistráronse as incidencias cuanto ao axuste da actividade aos tempos previstos.

CA6.7. Elaborouse un informe sobre a actividade ecuestre realizada e propuxéronse medidas correctoras dos desaxustes detectados.

Criterios de cualificación:

- Probas Teórico-Prácticas: Elaboración e execución de proxectos: 60% (Táboa de observación, Lista de cotexo)

- Participación activa-15% (Rexistro anecdótico)

- Probas teóricas-----3.5% (Proba escrita)

- Cómpre obter un 50% nos apartados teórico-Práctico (Táboa de observación, lista de cotexo) e 50% nos apartados teóricos(Proba escrita) para poder superar o módulo.

No rexistro anecdótico recollenanse as faltas de actitude, que serán:

- Reiterada falta de atención nas clases
- Uso indebido dos materiais e equipamento
- Non realización das tarefas encomendadas polo profesor
- Faltas de educación
- Comportamento inapropiado co resto do alumnado e profesorado
- Non participar nas prácticas (sen xustificación documental)

Na avaliación final ou exame final os criterios de cualificación serán:

- Probas Teórico-prácticas-----60% (Táboa de observación, lista de cotexo)
  - Probas teóricas-----40% (Proba escrita)
  - Cómpre obter un 50% nos apartados teórico (probas escritas) e 50% nos apartados Teórico-prácticos(Táboa de observación e lista de cotexo) para poder superar o módulo.
- 
- Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final extraordinaria de xuño con mais dun 5, consistirá en:
    - Entrega dun proxecto sobre actividades ecuestres(Itinerario ecuestre ou AER):40%
    - Proba escrita: 25%
    - Proba teórico-práctica: Execución do proxecto sobre actividades ecuestres(Itinerario ecuestre ou AER): 35%
  - Os alumnos con incapacidade temporal deberán de asistir igualmente a clase e realizar as tarefas asignadas.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Os estudantes que non superen algunha das partes desta programación recibirán un apoio específico, tendo en conta as súas necesidades, que consistirá en actividades de reforzo e autocorrección, e probas de recuperación trimestrais para tratar de superar as partes pendentes. Asemade terán dereito a unha proba final para recuperar as partes pendentes. Para aqueles alumnos que amosen algunha dificultade na asimilación de contidos e, segundo as observacións no día a día faráselles, se se considera convinte, unha adaptación tentando que acaden as capacidades previstas. Os alumnos que precisen recuperar algunha parte recibirán un apoio esencial teórico-práctico antes de ser definitivamente avaliados.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

- Os alumnos con PDA terán que superar a Proba final extraordinaria de xuño con mais dun 5, consistirá en:
  - Entrega dun proxecto sobre actividades ecuestres(Itinerario ecuestre ou AER):40%
  - Proba escrita: 25%
  - Proba teórico-práctica: Execución do proxecto sobre actividades ecuestres(Itinerario ecuestre ou AER): 35%

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Con carácter periódico procederase a analizar o cumprimento da programación, tendo en conta fundamentalmente a consecución dos obxectivos establecidos para cada unidade así como a temporalización. Esta análise realizarase polo profesora do módulo de forma individual e tamén será valorada conxuntamente nas correspondentes reunións do equipo docente do ciclo. Tamén se publicarán cuestionarios na aula virtual cara o alumnado sobre a práctica docente.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Este módulo constitúe a continuación do módulo de técnicas de equitación de 1º curso polo que na maioría dos casos xa se coñece o seu nivel de partida, aínda así as primeiras sesións estarán principalmente destinadas a recordar contidos eminentemente prácticos que servirá como proba de avaliación inicial

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Procedementos de recuperación en forma de plan de traballo individualizado (PTI), que se centrarán na recuperación dos contidos e actividades básicas para alcanzar os obxectivos mínimos non superados en cada trimestre.
- Situacións facilitadas para a consecución dos aprendizaxes adquiridos con anterioridade.
- Agrupamentos flexibles para adaptar unha parte do proceso de ensinanza á competencia do alumnado mediante grupos onde un ou varios alumnos axudan a outros nas tarefas que non rematan de controlar, durante un tempo limitado.
- Opción de recuperación de obxectivos non alcanzados a través de actividades que se desenvolverán en posteriores unidades didácticas relacionadas con esas habilidades, capacidades ou tarefas específicas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

De xeito transversal tocaremos aspectos tales como:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faremos saídas en horario lectivo ó entorno natural próximo ó centro hípico para poder levar a cabo gran parte dos contidos do módulo.

Proporase unha actividade conxunta co alumnado da ESO do IES de Poio no que o alumnado do módulo exercerá as funcións de guía ecuestre ca supervisión do profesorado